



AGENCIA NACIONAL DE EVALUACIÓN
DE LA CALIDAD Y ACREDITACIÓN



ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL

GUÍA DE AUTOAVALIACIÓN

Acordo da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e a Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA) para a Avaliación Institucional no Sistema Universitario de Galicia

2005/06

Edita:

ACSUG

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

IES "Compostela", 5ª planta - Rúa Lamas de Abade s/n

15702 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 173

Deseño e maquetación:

A referencia

Edificio Agro do Corgo, esc.2-2ºC

15883 Cacheiras-Teo

Tfno.: 981 554 232

PRESENTACIÓN

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten como obxetivos fundamentais a avaliación do sistema universitario de Galicia, a análise dos seus resultados e a proposta de medidas de mellora da calidade dos servizos que prestan as universidades públicas galegas, especialmente os de ensino, investigación, xestión e servizos.

Unha das actuacións da ACSUG é promover a coordinación entre as universidades galegas en materia de calidade e promover a coordinación con outras institucións. Neste senso, a ACSUG asinou en maio de 2003 un Convenio Marco de Colaboración coa "Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación" (ANECA) coa vontade de desenvolver unha colaboración de xeito continuado que contribúa ao mellor desenvolvemento das súas funcións.

A ANECA desenvolve, no marco da avaliación, o "Programa de Evaluación Institucional" (PEI), e a ACSUG ten o obxectivo de avaliar as titulacións que se imparten nas Universidades Públicas Galegas. Ambas actuacións coinciden no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia polo que é necesario establecer mecanismos de colaboración para o mellor cumprimento dos obxectivos de ambas institucións.

Seguindo esta liña de colaboración, con data 31 de xullo de 2003 asínase un Anexo ao citado convenio no que ambas axencias se comprometen á realización de accións conxuntas para a mellora continua e, tal e como se desprende do Anexo I do citado Convenio, a ACSUG utilizará nas súas avaliacións as guías e ferramentas que, a tal efecto, poña a ANECA á súa disposición.

Polo tanto, esta GUÍA DE AUTOAVALIACIÓN que a continuación se presenta, é unha tradución da Guía que publicou a ANECA en outubro de 2004 coa mera inclusión das obrigadas modificacións en canto a procedemento que poden deducirse do Convenio referido e que se utilizará por esta Axencia para avaliar todas as titulacións do Sistema Universitario de Galicia no bienio 2003-2004, 2004-2005, e cursos sucesivos.

INDICE

1. INTRODUCCIÓN	7
2. PROCEDEMENTO XERAL	9
3. AUTOAVALIACIÓN E OS SEUS AXENTES PRINCIPAIS	11
3.1. Comité de Autoavaliación	11
3.2. Unidade Técnica de Calidade	12
4. PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN	13
4.1. Compromiso Institucional coa Avaliación	14
4.2. Constitución e Formación do Comité de Autoavaliación	14
4.3. Planificación	14
4.4. Desenvolvemento da Autoavaliación	14
4.4.1. Recollida da Información	14
4.4.2. Análise da información e as evidencias	15
4.4.3. Descrición da situación	15
4.4.4. Valoración dos subcriterios	15
4.4.5. Identificación de Fortalezas e Debilidades e determinación das Propostas de Mellora	16
4.4.6. Elaboración e difusión do borrador do Informe de Autoavaliación.	16
4.5. Elaboración do Informe de Autoavaliación e envío á ACSUG.	16
5. MODELO DE AVALIACIÓN: CRITERIOS	17
Programa Formativo	17
Organización da ensinanza	26
Recursos Humanos	32
Recursos Materiais	36
Proceso Formativo	46
Resultados	57
ANEXOS	
Anexo 1: Protocolo para a elaboración do Informe de Autoavaliación.	65
Anexo 2: Táboas resumo de datos e indicadores.	95
Anexo 3: Resumo da documentación que se propón para evidencias.	127
Anexo 4: Plan de Mellora. Ferramenta de traballo.	135
Anexo 5: Glosario.	141

I. INTRODUCCIÓN

Dentro do marco da Avaliación Institucional, a ACSUG, a partir do modelo original proposto pola **"Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación"** (ANECA), presenta esta Guía co obxectivo de servir de apoio ás nosas institucións universitarias no desenvolvemento do proceso de autoavaliación das titulacións.

O principal obxectivo do Programa de Avaliación Institucional é facilitar un proceso de avaliación para a mellora da calidade das ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, a través do seu autodiagnóstico e da visión externa aportada por expertos. Así mesmo, mediante o desenvolvemento deste programa, preténdese tamén promover procesos de avaliación que favorezan o establecemento ou a continuidade de procesos de garantía de calidade nas ensinanzas e proporcionar información aos estudantes e ás súas familias, ao conxunto da sociedade, aos gobernos das universidades e ás administracións públicas sobre a calidade das ensinanzas universitarias e os seus plans de actuación.


A Avaliación Institucional é un proceso de diagnóstico das fortalezas e debilidades que conclúe co Plan de Mellora que sería necesario implementar para mellorar a calidade da ensinanza avaliada.

Este proceso está organizado en tres fases:

Autoavaliación: a unidade avaliada, a través do Comité de Autoavaliación, describe e valora a súa situación respecto aos criterios establecidos, identificando inicialmente aquelas propostas de mellora a partir das cales se elaborarán os plans de actuación que se deberán poñer en marcha unha vez concluído todo o proceso. O resultado é o Informe de Autoavaliación.

Avaliación externa: un grupo de avaliadores externos á unidade avaliada composto, polo menos, de tres persoas, das que dúas serán designadas pola ACSUG e un terceiro será designado pola ANECA. Estes avaliadores analizan o Informe de Autoavaliación, tanto a través dun estudo documental como por medio dunha visita á unidade avaliada, emiten as súas recomendacións e propoñen melloras. O resultado desta fase é o Informe de Avaliación Externa. Dito grupo está formado por avaliadores que participaron no Programa de Formación de Avaliadores Externos da ANECA ou da ACSUG (segundo Convenio).

Informe Final: o Comité de Autoavaliación elaborará o Informe Final tendo en conta as valoracións recollidas no Informe de Avaliación Externa e no Informe de Autoavaliación. Neste Informe Final recolleranse os principais resultados do proceso de avaliación, as principais fortalezas e debilidades para, finalmente, elaborar as propostas de mellora. Se relacionarán as accións de mellora detectadas nas fases de autoavaliación e avaliación externa, e determinaranse as tarefas a realizar para a consecución das mesmas así como os responsables, os recursos implicados e os prazos para a súa implantación. Do mesmo xeito, identificaranse os indicadores de seguimento das accións detectadas así como os beneficios esperados das mesmas, sempre conforme ao modelo aprobado pola ACSUG (Anexo 4).



A finalidade desta Guía é servir de ferramenta metodolóxica para o Comité de Autoavaliación como apoio ás institucións universitarias no desenvolvemento da autoavaliación. Nela abórdanse os seguintes apartados:

Procedemento xeral. En que se detallan as diferentes actividades a desenvolver no Programa de Avaliación Institucional, así como os prazos para a súa consecución.

A autoavaliación e os seus axentes principais. Nel relaciónanse os principais fitos do proceso de autoavaliación das ensinanzas universitarias. Así mesmo, indícase cal é o papel a desempeñar polos axentes máis importantes do proceso: Comité de Autoavaliación e Unidade Técnica de Calidade.

Proceso de autoavaliación. En que se explica a importancia do compromiso coa avaliación e a constitución e composición do Comité de Autoavaliación. De igual modo, explícase como planificar e desenvolver o proceso de autoavaliación tendo en conta as etapas máis importantes do mesmo: recollida da información, análise da información e as evidencias, descrición da situación, identificación de fortalezas e debilidades e elección das propostas de mellora. O resultado final do proceso é o Informe de Autoavaliación.

Modelo de avaliación: criterios. O modelo de avaliación está baseado en seis criterios que definen os aspectos máis relevantes a valorar durante o proceso de autoavaliación da ensinanza. Os seis criterios son: programa formativo, organización da ensinanza, recursos humanos, recursos materiais, proceso formativo e resultados. A análise destes criterios axuda a realizar un diagnóstico da situación da ensinanza avaliada a partir do cal se debe elaborar o Plan de Melloras que deberá implantarse como parte do proceso de mellora continua.

PROGRAMA FORMATIVO
ORGANIZACIÓN DA ENSINANZA
RECURSOS HUMANOS
RECURSOS MATERIAIS
RESULTADOS

Cada criterio divídese nun ou máis subcriterios de primeiro nivel. Estes, á súa vez, divídense nun ou máis subcriterios de segundo nivel. Tal e como se presenta no seguinte esquema:

SUBCRITERIO DE PRIMEIRO NIVEL

Subcriterio de segundo nivel

En cada subcriterio de segundo nivel analízanse os elementos a ter en conta. Para iso indícanse:

- Os aspectos a valorar, sobre os que convén reflexionar.
- As evidencias que sustentan a formulación de xuízos de valor (en cada subcriterio indícase a documentación proposta como evidencia coa numeración correspondente segundo a táboa do anexo 3).
- As preguntas que facilitan a interpretación e a análise de cada un dos criterios. Non se trata, por tanto, de que o Comité de Autoavaliación as conteste, senón que sexan un elemento máis de axuda para facilitar a reflexión e a comprensión de cada un dos criterios.

Anexos. Para facilitar a análise e ofrecer as pautas necesarias para a elaboración das conclusións e do Informe de Autoavaliación inclúense catro anexos:

- O protocolo para a elaboración do Informe de Autoavaliación (Anexo 1), que ofrece de forma paulatina os diferentes pasos a seguir para a realización do autodiagnóstico.
- As táboas resumo dos datos e indicadores (Anexo 2), en que se presentan a información necesaria para realizar xuízos de valor baseados en datos obxectivos.
- O resumo da documentación que se propón para as evidencias (Anexo 3), suxire unha serie de documentos que poderían servir de proba da veracidade das afirmacións realizadas.
- O modelo de Propostas de Mellora (Anexo 4).
- Glosario (Anexo 5), onde se recolle o sentido dos principais conceptos que se empregan no proceso de avaliación.

2. PROCEDIMENTO XERAL

- 1.** A ACSUG, a través da súa páxina web, publica a guía e as ferramentas de autoavaliación.
- 2.** A ACSUG, en colaboración coas universidades galegas e coa ANECA, organiza unha xornada de formación para os Comités de Autoavaliación das titulacións a avaliar en cada convocatoria.
- 3.** A universidade realiza a fase de autoavaliación de acordo cos prazos establecidos. O resultado desta fase será o Informe de Autoavaliación, que será enviado á ACSUG para a continuación do proceso. Ao longo do proceso de autoavaliación, a ACSUG remitirá a composición do Comité de Avaliación Externa.
- 4.** A universidade notificará á ACSUG a aceptación do Comité Externo. Non obstante, a universidade poderá recusar aos avaliadores propostos nos casos en que se probe a existencia dalgunha incompatibilidade ou animadversión manifesta.

5. A ACSUG revisará o Informe de Autoavaliación para verificar que se adecúa á metodoloxía proposta e que ofrece a información necesaria.

En caso de que existan non conformidades subsanables, darase un novo prazo de 10 días para a súa corrección. Se o Informe de Autoavaliación presenta non conformidades, non susceptibles de subsanar, notificaránselle á universidade e non se continuará co proceso de avaliación.


6. A ACSUG remitirá o Informe de Autoavaliación ao Comité Externo, xunto coa "Ferramenta de Comprobación de Informe de Autoavaliación". Os avaliadores externos analizarán os documentos recibidos e realizarán unha visita á ensinanza avaliada, de acordo co proceso definido na Guía de Avaliación Externa.

7. O Comité Externo elaborará o Informe de Avaliación Externa que remitirá á ACSUG para a verificación da súa adecuación metodolóxica.

8. Se a ACSUG determina que o informe está finalizado, remitirase ao Vicerreitor encargado dos temas de calidade na universidade, ao responsable da ensinanza avaliada e á Unidade Técnica de Calidade.

9. O Comité de Autoavaliación á vista dos resultados tanto do Informe de Autoavaliación como do Informe de Avaliación Externa, elabora o Informe Final. Dito Informe recollerá o Plan de Mellora comprometido e negociado cos distintos órganos universitarios dos cales dependa a súa materialización.

Na figura 1 resúmese o Cronograma do Proceso de Avaliación do PEI- ACSUG.



3. AUTOAVALIACIÓN E OS SEUS AXENTES PRINCIPAIS

A autoavaliación é un proceso a través do cal a comunidade universitaria directamente implicada nunha ensinanza debe reflexionar, describir, analizar e valorar a realidade da mesma, baseando as súas afirmacións en datos obxectivos, e determinar as propostas de mellora que ten que implementar para superar as debilidades. É un proceso complexo que require a participación de todos os membros da comunidade universitaria, que debe ser liderado polo equipo directivo da ensinanza e contar co apoio e respaldo do Consello de Goberno da Universidade.

Para levar a cabo a autoavaliación requírese ademais:

- Motivación interna para emprender unha avaliación co obxectivo de mellorar a calidade da ensinanza.
- Incentivación dos membros do Comité cos procedementos ou accións que estime adecuada cada universidade.
- Formación das persoas da institución nos conceptos fundamentais da avaliación para a mellora, así como no modelo e ferramentas de avaliación.
- Sistemas de información áxiles que permitan a obtención dos datos para realizar as valoracións necesarias durante o proceso de reflexión. Para isto, é necesario a participación activa da Unidade Técnica de Calidade e de outros servizos administrativos universitarios.

Mediante a autoavaliación, a institución coñece a situación da ensinanza respecto dos criterios do modelo proposto pola ANECA-ACSUG, determinando cales son as súas fortalezas, debilidades e propostas de mellora, o que constitúe o elemento de partida para a realización do Plan de melloras.

Aínda que é necesaria a implicación de toda a comunidade universitaria, dous van ser os axentes principais do proceso de autoavaliación: o Comité de Autoavaliación e a Unidade Técnica de Calidade.

3.1. Comité de Autoavaliación

O Comité de Autoavaliación é o encargado de levar a cabo o proceso de autoavaliación. Polo tanto, a selección e constitución do mesmo é de grande importancia.

É aconsellable que o Comité de Autoavaliación estea presidido polo responsable da ensinanza a avaliar, quen debe ser ademais o encargado de liderar e coordinar o proceso dentro da titulación.

Na selección dos membros do Comité de Autoavaliación teranse en conta as seguintes recomendacións:

- Incluir na súa composición a membros da ensinanza universitaria que reflectan a organización interna da institución: responsables da ensinanza, profesores, persoal de administración e servizos, estudantes e un membro da Unidade Técnica de Calidade.
- Que os seus membros teñan experiencia en procesos de avaliación e un bo coñecemento da titulación a avaliar.

- O seu número non será elevado (máximo recomendado 7 persoas) para garantir a operatividade do traballo.
- Que os seus compoñentes teñan capacidade para traballar en equipo e facilidade de comunicación co resto dos membros implicados na ensinanza onde se leva a cabo a avaliación.
- A titulación a través dos seus órganos de representación debe suxerir os compoñentes do Comité e a súa selección debe representar a organización interna da institución.

Entre as funcións do Comité de Autoavaliación, cabe destacar as de:

- Estudar cada unha das partes que compoñen esta guía de autoavaliación de forma individual por cada un dos seus membros.
- Elaborar o plan de traballo a levar a cabo durante o Proceso de Autoavaliación.
- Identificar e solicitar a información relevante para o proceso.
- Favorecer a participación da comunidade universitaria.
- Elaborar o Informe de Autoavaliación.
- Actuar de interlocutor co Equipo de Avaliadores Externos.
- Elaborar o Plan de Melloras.

En relación co proceso de avaliación, hai que prestar especial atención ás persoas da unidade avaliada (persoal de administración e servizos, persoal académico e estudantes) cuxa participación no proceso consiste en:

- Informarse do proceso e metodoloxía de avaliación.
- Participar na fase de autoavaliación e responder ás consultas e solicitudes de información que o Comité de Autoavaliación lles realice.
- Aportar os comentarios, que estimen oportunos, aos informes de avaliación nos momentos de divulgación e revisión do mesmo.
- Participar nas audiencias co equipo de avaliadores externos.
- Implicarse nas accións de mellora.

3.2. Unidade Técnica de Calidade

A Unidade Técnica de Calidade, dentro do Programa de Avaliación Institucional, é a encargada de facilitar e poñer a disposición do Comité de Autoavaliación toda a información que se encontre dispoñible nos diferentes servizos administrativos da universidade (estadísticas, táboas, informes, etc.), co fin de facilitar a análise de datos.

Así mesmo, é importante que esta Unidade realice unha clara función de asesoramento técnico e información acerca da avaliación para a mellora, servindo de apoio durante todo o desenvolvemento do proceso.

As funcións da Unidade Técnica de Calidade ao longo do proceso de avaliación son as seguintes:


- Presentar á unidade avaliada os obxectivos, a planificación, a metodoloxía, os responsables do proceso e os axentes implicados na autoavaliación.
- Proporcionar o soporte técnico ao Comité de Autoavaliación, así como o necesario para facilitar a información de base (táboas con información cuantitativa) e outra información ou ferramentas non previstas na guía pero que a titulación avaliada considere importantes.
- Garantir a adecuada publicidade ao borrador do Informe de Autoavaliación con suficiente antelación para que se poidan facer as consideracións pertinentes.
- Promover a participación directa do colectivo, mediante procedementos de enquisa, organizando relatorios sobre puntos concretos, utilización da internet e/ou a intranet para difundir os resultados ou organizar foros de debate sobre os diversos temas analizados.
- Ser o interlocutor entre a ACSUG e o Comité de Autoavaliación, así como entre esta e o Comité de Avaliación Externa en aspectos técnicos e metodolóxicos do proceso.
- Colaborar na preparación da visita do Comité de Avaliadores Externos.
- Informar á unidade avaliada sobre os obxectivos, a planificación, a metodoloxía, os responsables do proceso e os axentes implicados na avaliación externa.
- Remitir o Informe de Autoavaliación aos integrantes das diferentes audiencias que se celebrarán co Comité de Avaliación Externa.
- Garantir a adecuada publicidade dos documentos xerados no proceso de avaliación.

4. PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN

O resultado do proceso de autoavaliación da ensinanza debe permitir coñecer a situación da mesma respecto ao modelo de avaliación utilizado, os puntos en que é preciso invertir máis esforzos para a mellora da mesma e as propostas de mellora derivadas dos mesmos.

Todo iso debe quedar detallado no Informe de Autoavaliación cuxo contido serve para a análise do Comité de Avaliación Externa.

No seguinte esquema detállanse as fases a seguir no proceso de autoavaliación.



4.1. Compromiso Institucional coa Avaliación

Este compromiso debe ser asumido tanto pola universidade como polos responsables da ensinanza universitaria a avaliar, co obxecto de impulsar o proxecto de mellora continua. Esta implicación conleva a aceptación dos resultados obtidos e a promoción da implantación dos plans de mellora tendentes a resolver as áreas de mellora identificadas.

4.2. Constitución e Formación do Comité de Autoavaliación

O responsable da ensinanza, de acordo cos procedementos existentes en cada universidade, debe constituír o Comité de Autoavaliación, que deberá desenvolver o proceso e elaborar o informe de autoavaliación.

Tras a constitución do Comité de Autoavaliación, o seu presidente, coa colaboración da Unidade Técnica de Calidade, informará aos demais membros sobre as súas funcións e procederá ao reparto de tarefas entre os mesmos.

As xornadas de formación serán organizadas e realizadas polas Unidades Técnicas das Universidades participantes, na forma que elas precisen. A ACSUG prestará todo o apoio necesario, ben sexa a través de instrumentos para a formación, a presenza na universidade de persoal da ACSUG ou a organización de xornadas específicas.

Durante o proceso de autoavaliación, a ACSUG pon a disposición, dos Comités de Autoavaliación das ensinanzas participantes no programa, un técnico que os asesorará verbo das cuestións relacionadas co proceso de avaliación.

4.3. Planificación

Para conseguir a máxima eficiencia no proceso, o Comité de Autoavaliación debe determinar un plan de traballo que debe incluír: calendario, distribución e asignación de tarefas e os recursos necesarios (humanos, materiais e funcionais). É imprescindible que as decisións que tome o Comité de Autoavaliación sexan consensuadas, tendo en conta os prazos establecidos nesta guía así como as recomendacións realizadas na mesma.

4.4. Desenvolvemento da Autoavaliación

Posto que o proceso de autoavaliación se basea na análise da situación da ensinanza respecto do modelo de avaliación, este debe estar fundamentado nas evidencias que foran recollidas, é dicir, en probas que demostren a exactitude das afirmacións e valoracións realizadas polo Comité de Autoavaliación.

4.4.1. Recollida da Información

Coa axuda da Unidade Técnica de Calidade e dos servizos administrativos da universidade recompilarase toda a información requirida nas táboas resumo dos datos e indicadores, así como o conxunto de evidencias que se propoñan para sustentar os xuízos de valor que se realicen.

No caso de que as evidencias ou a singularidade da institución así llo recomenden, pódense aportar outros documentos ou probas diferentes das que se propoñen no anexo 3 desta guía. As táboas deben ser cubertas e os indicadores calculados, sempre que sexa posible, tal e como se solicitan no anexo 2.

A Unidade Técnica clasificará a información da seguinte maneira:

Información cuantitativa: datos que amosan a evolución dun indicador ou a situación de aspectos diversos da ensinanza. Para facilitar a súa lectura e exame, estes poden ser agrupados en táboas ou diagramas. No anexo 2 da presente guía propónse un formato de táboas de datos e indicadores que deben formar parte do Informe de Autoavaliación.

Información cualitativa: documentos ou informes propostos como evidencia polo Comité de Autoavaliación. Na guía suxírense unha serie de evidencias. A ensinanza debe tomar a decisión das evidencias que aporte en función da súa relevancia respecto da información que se presenta.

Información de opinión: información referente á percepción dos grupos de interese dentro da organización.

4.4.2. Análise da información e as evidencias

O Comité de Autoavaliación debe analizar con detalle a documentación recadada e determinar se precisa información adicional en que basear a súa análise para o proceso.

O Comité debe sacar conclusións respecto dos aspectos a valorar que se inclúen no anexo 3 desta guía en relación con cada un dos subcriterios. Para axudar á análise destes aspectos e facilitar a reflexión arredor dos mesmos, suxírense evidencias e preséntanse algunhas cuestións que poden resultar de utilidade.

4.4.3. Descrición da situación

A partir da reflexión realizada, o Comité de Autoavaliación fará unha descrición de como se sitúa a ensinanza respecto de cada un dos subcriterios que se analizan no modelo de avaliación. É necesario que a descrición se realice como o resultado do consenso entre todos os membros do Comité de Autoavaliación. Neste sentido cada membro do Comité deberá explicar ao resto dos compoñentes os matices e implicacións das afirmacións que sustenta para que as afirmacións que se recollan expresen o sentir de todos os que participan no exercicio de autoavaliación.

4.4.4. Valoración dos subcriterios

Unha vez realizada a descrición da situación actual procederase a valorar cada subcriterio da seguinte forma:

A: excelente: o subcriterio cúmprese sempre e de maneira exemplar en toda a súa amplitude.

B: bo: o subcriterio cúmprese de forma habitual, aínda que existen algunhas posibles melloras.

C: regular: o subcriterio cúmprese de forma puntual con resultados illados.

D: deficiente: o subcriterio non se cumpre

EI: evidencias insuficientes. Este recadro encherase sempre que non se dispoña de probas que permitan sustentar as afirmacións que se realicen ou que a relación entre a proba e a afirmación sexa débil.

4.4.5. Identificación de Fortalezas e Debilidades e determinación das Propostas de Mellora

Unha vez obtido o consenso sobre a valoración semicuantitativa anteriormente descrita, expoñeranse as fortalezas e debilidades procedendo a sinalar como fortalezas os subcriterios que foran valorados con A ou B e como debilidades os que foran valorados con C ou D.

A partir da relación de fortalezas e debilidades identificaranse as propostas de mellora que permitan, a xuízo do comité de autoavaliación, incidir nos puntos débiles detectados e, no seu caso, potenciar as fortalezas identificadas. Ditas propostas ou accións de mellora irán acompañadas dunha priorización en función da urxencia e importancia que o Comité lles outorgue ás mesmas. A variable urxencia virá determinada pola necesidade ou non de acometer esa acción nun curto prazo. Así mesmo, a importancia fará referencia aos beneficios ou grao de mellora que se pretende conseguir coa implantación de dita acción.

4.4.6. Elaboración e difusión do borrador do Informe de Autoavaliación.

O borrador do informe de Autoavaliación elaborárase de acordo coas ferramentas facilitadas pola ACSUG (Anexo 1) e deberá ser distribuído entre aqueles estamentos e persoas implicadas no proceso, para que poidan aportar ou engadir os comentarios documentados que consideren pertinentes dentro do prazo establecido polo Comité de Autoavaliación.

Para facilitar a lectura e análise do contido do borrador do Informe de Autoavaliación recoméndanse as seguintes pautas na súa redacción:

- Estar baseado en evidencias e incluír as referencias.
- Estar orientado á mellora.
- Centrar a redacción na análise completa dos elementos sinalados con precisión e brevidade.

4.5. Elaboración do Informe de Autoavaliación e envío á ACSUG.

O Comité de Autoavaliación incorporará as propostas que considere oportunas e elaborará a versión definitiva do Informe de Autoavaliación. Todas as opinións, que se recibiran de acordo ao proceso de revisión e difusión, deben formar parte da documentación do proceso e estar a disposición dos avaliadores externos durante a visita.

Unha vez finalizado o Informe de Autoavaliación, que deberá estar redactado en castelán, remitiranse dúas copias do mesmo á oficina da ACSUG. Unha delas será enviada por correo electrónico ao enderezo **evaluacion@acsug.es** e a outra, impresa, por correo postal e asinada polo responsable da titulación ao seguinte enderezo:

ACSUG

Área de Avaliación Institucional

IES Compostela

C/ Lamas de Abade s/n (5º Andar)

15702-Santiago de Compostela

5. MODELO DE AVALIACIÓN: CRITERIOS

I. PROGRAMA FORMATIVO

O criterio programa formativo está estruturado en dous subcriterios:

1.1. Objetivos do programa formativo

Neste subcriterio analízase:

- Os obxectivos do programa formativo e os perfís de egreso.
- A definición do perfil de ingreso idóneo e o coñecemento do perfil de ingreso real dos alumnos matriculados.

1.2. Plan de estudos e a súa estrutura

Neste subcriterio analízase:

- A estrutura do plan de estudos e a súa coherencia cos obxectivos do programa formativo e cos perfís de egreso.
- O contido curricular do plan de estudos.
- A revisión sistemática dos contidos e, se procede, a actualización dos mesmos.
- O tempo de aprendizaxe do alumno que está previsto no plan de estudos.

1.1. OBXECTIVOS DO PROGRAMA FORMATIVO

1.1.1 O programa formativo ten definidos os seus obxectivos entre os que se encontran os coñecementos e as capacidades que os alumnos deben ter ao concluír os seus estudos.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

- Existencia dunha definición dos obxectivos do programa formativo.
- Existencia da relación de coñecementos e capacidades dos egresados.

Información en que se basea a análise

15	Documento oficial onde aparezan os obxectivos do programa formativo.
10	Directrices xerais da titulación.
18	O plan de estudos (completar coa táboa T-05).
72	Relación de coñecementos e capacidades dos egresados, así como os perfís profesionais dos egresados.
7	Descrición do proceso de determinación dos perfís de egreso.

Preguntas a modo de reflexión:

- Tivéronse en conta na definición dos obxectivos os factores de demanda e contorno socioeconómico?
- Os obxectivos están claramente definidos e especificados? Os obxectivos propostos son viables?
- Existen mecanismos para comprobar a súa consecución e para a súa modificación e revisión?
- Existe coherencia entre os obxectivos do programa formativo e os da institución?
- É adecuado o nivel de especificación e a claridade na definición da relación de competencias que deberán reunir os egresados?
- Cal é a relación entre os perfís de egreso e o plan de estudos?
- Cales son os mecanismos de definición do perfil de egreso?

1.1. OBXECTIVOS DO PROGRAMA FORMATIVO

1.1.2 O programa formativo especifica o perfil de ingreso que deberían ter os alumnos e ten mecanismos que permiten coñecer o perfil de ingreso con que acceden os alumnos.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

- Relación de coñecementos, capacidades e habilidades que constitúen o perfil de ingreso idóneo para o desenvolvemento do programa formativo.
- Existencia de mecanismos que permiten coñecer as características do perfil de ingreso que teñen os alumnos que accedan ao programa formativo.
- Coherencia entre o perfil de ingreso idóneo e os obxectivos do programa formativo.

Información en que se basea a análise

15	Documento oficial onde aparezan os obxectivos do programa formativo.
73	Relación de coñecementos, capacidades e habilidades que constitúen o perfil de ingreso idóneo para o adecuado desenvolvemento do programa formativo.
8	Descrición do proceso de determinación do perfil de ingreso idóneo.
60	Mecanismos para coñecer o perfil de ingreso real dos alumnos que accedan ao programa formativo.
43	Indicador: "Datos e indicadores relativos á oferta, demanda e matrícula en primeiro curso" PF-16.

Preguntas a modo de reflexión:

- É adecuado o nivel de especificación e a claridade na definición da relación de coñecementos que deberán reunir os aspirantes a ingresar?
- Cal é a relación entre o perfil de ingreso idóneo e os obxectivos do programa formativo?
- Cales son os mecanismos de definición do perfil de ingreso idóneo?
- Existen mecanismos que permitan coñecer o perfil dos alumnos de novo ingreso?
- Tense en conta o perfil dos alumnos de novo ingreso no desenvolvemento do programa formativo?

1.2. PLAN DE ESTUDOS E A SÚA ESTRUCTURA

1.2.1. A estrutura do plan de estudos está ben definida, en canto á distribución das materias ou disciplinas, e a súa articulación horizontal e vertical, e evita baleiros e duplicidades.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

- A secuenciación das materias ou disciplinas é coherente co desenvolvemento dos coñecementos que se van impartir.
- Existencia de mecanismos de coordinación que eviten baleiros e duplicidades de contidos das materias ou disciplinas.

Información en que se basea a análise

18	O plan de estudos (completar coa táboa T-05).
10	Directrices xerais da titulación.
13	Documentación que recolla os mecanismos, acordos e conclusións da coordinación entre materias ou disciplinas, tanto dos aspectos globais, teóricos e prácticos.
30	Guía do alumno ou documento similar onde conste a información relativa aos elementos básicos do conxunto de materias ou disciplinas.
26	Existencia de mecanismos (prerrequisitos, incompatibilidades, accións titoriais...) para garantir que o alumno segue unha secuencia coherente na matriculación das materias.

Preguntas a modo de reflexión:

- É adecuada a secuencia dos contidos en cada unha das materias ou disciplinas?
- Está ben estruturada a articulación horizontal e vertical do plan de estudos?
- Existen baleiros e duplicidades de contidos no plan de estudos?
- Que mecanismos de coordinación se utilizan para evitar baleiros e duplicidades?
- Na secuenciación da materia utilízanse criterios que favorezan a aprendizaxe por parte dos alumnos?

1.2. PLAN DE ESTUDOS E A SÚA ESTRUCTURA

1.2.2. O programa das materias ou disciplinas que constitúen o plan de estudos contén os elementos básicos necesarios e é accesible e público.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

- Existencia dun documento, estandarizado, onde estean os seguintes elementos básicos dispoñibles dende o período de matrícula:
 - Definición dos obxectivos do programa formativo.
 - Características da materia ou disciplina en canto a número de créditos, distribución entre teoría e práctica, período en que se imparte, relación cos obxectivos do programa formativo e con outras materias, etcétera.
 - Obxectivos específicos das materias ou disciplinas.
 - Contidos do programa das disciplinas ou materias incluíndo as prácticas asignadas.
 - Prácticas asistenciais, profesionais ou externas.
 - Metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe.
 - Métodos e criterios de avaliación da aprendizaxe.
 - Persoal académico responsable da materia ou disciplina e persoal colaborador.
 - Bibliografía e fontes de referencia.
 - Recomendacións para cursar a materia ou disciplina.
 - Horarios e lugar onde se imparten as clases e as titorías.
 - Calendario de exames.
 - Actividades complementarias.
- A información relativa ao conxunto de materias ou disciplinas e aos elementos básicos correspóndese co plan de estudos e é congruente cos obxectivos do programa formativo.

Información en que se basea a análise

15	Documento oficial onde aparezan os obxectivos do programa formativo.
30	Guía do alumno ou documento similar onde conste a información relativa aos elementos básicos do conxunto de materias ou disciplinas.
18	O plan de estudos (completar coa táboa T-05).
72	Relación de coñecementos e capacidades dos egresados, así como os perfís profesionais dos egresados.

Preguntas a modo de reflexión:

- Existe a información especificada sobre os aspectos a valorar?
- Están adecuadamente especificados e claramente definidos os aspectos anteriormente sinalados? Existe un formato estandarizado?
- Está accesible toda a información no momento da matrícula? Cales son as canles de difusión desta información?
- Existe congruencia entre esta información e os obxectivos do programa?

1.2. PLAN DE ESTUDOS E A SÚA ESTRUCTURA

1.2.3. O plan de estudos é coherente cos obxectivos do programa formativo e cos perfís de egreso.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

Información en que se basea a análise

15	Documento oficial onde aparezan os obxectivos do programa formativo.
18	O plan de estudos (completar coa táboa T-05).
72	Relación de coñecementos e capacidades dos egresados, así como os perfís profesionais dos egresados.
76	Relación de itinerarios curriculares, a súa xustificación e obxectivos.
31	Horarios e distribución espacial das alternativas de contido curricular.

Preguntas a modo de reflexión:

- A organización e o contido do plan de estudos son coherentes cos obxectivos do programa formativo?
- A organización e o contido do plan de estudos son coherentes cos perfís de egreso?

1.2. PLAN DE ESTUDOS E A SÚA ESTRUCTURA

1.2.4. A revisión e actualización, se procede, de contidos realízase de maneira regulada e sistemática.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

- Existencia dun proceso regulado e sistemático, cunha delimitación de responsabilidades, que permite a revisión dos contidos das disciplinas ou materias.
- Existencia de mecanismos para obter información, indicadores, estudos, plans de mellora, etcétera, que xustifiquen a actualización dos contidos das disciplinas ou materias.
- Actuacións resultantes da actualización de contidos.

Información en que se basea a análise

14	Documentación sobre o proceso de revisión de contidos e a súa descrición. Periodicidade do mesmo.
12	Documentación que recolla información sobre as actuacións resultantes da actualización de contidos (por exemplo, modernización de programas, prácticas novidosas, participación de alumnos en desenvolvementos experimentais, creación de materias específicas de libre elección...).

Preguntas a modo de reflexión:

- Existe normativa en relación á actualización dos contidos?
- A actualización de contidos realízase de forma sistemática e periódica? A periodicidade da actualización é a axeitada?
- O mecanismo de actualización é o apropiado?
- Existen responsables do proceso?
- Sobre que información se basea a actualización de contidos?
- Téñense en conta os resultados de investigación, desenvolvemento, innovación ou creación artística na actualización de contidos?
- Realizáronse actuacións como consecuencia da revisión e actualización de contidos?

1.2. PLAN DE ESTUDOS E A SÚA ESTRUCTURA

1.2.5. O tempo de aprendizaxe do alumno previsto no plan de estudos permite cumprir os obxectivos do programa formativo.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

- O tempo que debe dedicar o alumno ao estudo para a aprendizaxe do programa formativo.
- O tempo de aprendizaxe do alumno previsto no plan de estudos permite cumprir os obxectivos do programa formativo.

Información en que se basea a análise

15	Documento oficial onde aparezan os obxectivos do programa formativo
97	Valoración dos créditos/horas das materias ou disciplinas do plan de estudos.
24	Estudos de tempo de dedicación do alumno á aprendizaxe das distintas materias ou disciplinas.

Preguntas a modo de reflexión:

- O responsable de cada materia ten previsto o tempo de aprendizaxe necesario do alumno para cada unha delas?
- Tense en conta o tempo necesario de estudo persoal, elaboración de traballos, prácticas, estudo de casos, búsqueda de bibliografía...? A suma deses tempos é coherente coo plan de estudos?
- Os obxectivos do programa pódense acadar coa duración prevista do plan de estudos?
- Existen estudos sobre o tempo de dedicación do alumno? Estes estudos recollen a opinión dos mesmos? Téñense en conta os resultados na organización da docencia?

2. ORGANIZACIÓN DA ENSIANZA

Neste criterio analízase a planificación para a xestión do programa formativo, a súa comunicación e difusión, a adecuación da organización da ensinanza e a utilización dos resultados nos procesos de mellora e revisión do programa formativo.

O criterio está dividido en dous subcriterios:

2.1. Dirección e planificación

Neste subcriterio analízase:

- A planificación para a xestión do programa formativo.

2.2. Xestión e Organización

Neste subcriterio analízase:

- A comunicación e difusión do programa formativo.
- A adecuación da organización da ensinanza en relación á estrutura e obxectivos do programa formativo.
- A utilización dos resultados (do programa formativo, nos egresados e na sociedade) nos procesos de mellora e revisión do programa formativo.

2.1. DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN

2.1.1. Os responsables teñen definida a planificación do programa formativo que inclúe os instrumentos e actuacións para a xestión e accións de mellora continua.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

Información en que se basea a análise

19	Estrutura do equipo responsable do programa formativo e os mecanismos e comisións para a súa xestión, cumprimento e control de resultados.
66	Planificación do programa formativo.
52	Instrumentos para a xestión do programa formativo.
17	Documento que recolla as accións de mellora do programa formativo e o seu procedemento de seguimento.

Preguntas a modo de reflexión:

- Existen principios e políticas para a xestión do programa formativo? Son públicos e accesibles?
- Cales son as actuacións dos responsables do programa en relación ás políticas, obxectivos e planificación do mesmo?

2.2. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

2.2.1. O Programa formativo comúncase e difúndese.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

- Canles de difusión da información.
- Accesibilidade e publicidade dos obxectivos do programa formativo e dos perfís de egreso.
- Accesibilidade e publicidade dos coñecementos, capacidades e habilidades que constitúen o perfil de ingreso idóneo para o adecuado desenvolvemento do programa formativo.
- Accesibilidade e publicidade dos programas das disciplinas ou materias.

Información en que se basea a análise

65	Plan institucional de comunicación.
81	Relación das canles (páxina web, folletos, guía do estudante, taboleiro de anuncios, revistas, etcétera) de difusión utilizados para realizar a comunicación interna e externa sobre: <ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos do programa formativo e perfís de egreso. - Perfil de ingreso idóneo. - Programas das disciplinas ou materias.

Preguntas a modo de reflexión:

- Son adecuados as canles utilizadas para facer accesibles e públicos os obxectivos e os perfís de egreso? Cal é o grao de coñecemento dos obxectivos e os perfís de egreso polos membros da comunidade universitaria?
- É suficiente a difusión dos perfís de ingreso idóneos? Cal é o grao de coñecemento dos mesmos da comunidade universitaria, especialmente os alumnos de novo ingreso?
- Están accesibles os programas das disciplinas ou materias no momento da matrícula? Cales son as canles de difusión desta información?

2.2. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

2.2.2. A organización da ensinanza axéitase á estrutura e obxectivos do programa formativo.

Aspectos a valorar para o cumprimento do subcriterio

<ul style="list-style-type: none"> • Eficiencia na xestión dos procesos de organización: matrícula, calendario de probas de avaliación, planificación horaria, prácticas en empresas, prácticas en centros colaboradores e asistenciais, programas de mobilidade, actividades complementarias, asignación da docencia, atención ao alumno, etcétera. • Eficiencia na xestión dos recursos humanos, económicos e materiais con que se conta, destinados ao desenvolvemento do programa formativo. • Existencia e uso de fontes de información fiables para a toma de decisións. • Existencia e uso dos necesarios mecanismos de coordinación, horizontal e vertical. • Adecuación entre a organización da ensinanza que se leva a cabo e a estrutura e obxectivos do programa formativo.
--

Información en que se basea a análise

58	Manuais de procedemento, mapas de procesos, organigramas funcionais, etcétera, relativos aos procesos clave de organización.
82	Relación dos mecanismos de control e seguimento e canles utilizadas para a coordinación entre responsables e implicados no desenvolvemento do programa formativo.
15	Documento oficial onde aparezan os obxectivos do programa formativo.
18	O plan de estudos (completar coa táboa T-05).
30	Guía do alumno ou documento similar onde conste a información relativa aos elementos básicos do conxunto de materias ou disciplinas.
73	Relación de coñecementos, capacidades e habilidades que constitúen o perfil de ingreso idóneo para o adecuado desenvolvemento do programa formativo.
72	Relación de coñecementos e capacidades dos egresados, así como os perfís profesionais dos egresados.
16	Documento que recolla a asignación e distribución da docencia (plan de ordenación docente).
20	Estrutura do persoal académico T-03.
69	Profesional colaborador T-04.
22	Estrutura e funcións do persoal de administración e servizos implicado no programa formativo.
PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL	Código
Catálogo de táboas e indicadores	RM - 10

INDICADOR	Media de alumnos por grupo
------------------	-----------------------------------

DEFINICIÓN	É a relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos en teoría e práctica
-------------------	--

Materia	Alumnos matriculados	Nº Grupos de teoría	Nº Grupo de prácticas
Totais*			

Tamaño medio de grupo	Tamaño medio grupo materias teóricas	Tamaño medio grupo materias prácticas

* Insertar tantas filas como materias existan

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL
Catálogo de táboas e indicadores

	Código
	RM - 11

INDICADOR Postos de ordenadores e conexións a rede por alumno

DEFINICIÓN É a relación entre o número de postos en salas de ordenadores e número total de conexións a rede (excluídas as anteriores) e o número de alumnos equivalentes a tempo completo matriculados. Enténdese por posto o PC ou terminal de salas de libre acceso, de biblioteca, e exclúense os situados en despachos e destinados á xestión da institución.

Número total de postos en sala/s de ordenadores + número total de conexións á rede (excluídas as anteriores)*	X
Número de alumnos equivalentes a tempo completo matriculados	

RM-11

En caso de que existiran conexións WIFI ou semellantes especificar o coeficiente de simultaneidade
 * Dependendo da tipoloxía do Centro, modelo departamental ou modelo tradicional, o número de alumnos por posto debe facerse utilizando o número de alumnos de todas as titulacións que comparten Centro ou o da titulación de análise, respectivamente.

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL	Código
Catálogo de táboas e indicadores	RM – 12

TÁBOA	Descrición da biblioteca e salas de lectura
--------------	--

Postos de lectura	Superficie	Puntos de consulta de catálogo	Puntos de consulta de bases de información

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL Catálogo de tablas e indicadores	Código RM - 13
---	--------------------------

INDICADOR Disponibilidad de puntos de lectura na biblioteca

DEFINICIÓN É a relación entre o número de puntos de lectura na biblioteca e o número de alumnos matriculados equivalentes a tempo completo no programa.

Número de puntos de lectura en biblioteca	X
Número total de alumnos matriculados equivalentes a tempo completo*	

RM-13

* En caso de que a biblioteca sexa compartida por alumnos de diferentes programas formativos será necesario ter en conta o número total de alumnos dos diferentes programas.

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL	Código
Catálogo de táboas e indicadores	RM – 14

INDICADOR	Fondos bibliográficos
------------------	------------------------------

	CURSOS ACADÉMICOS			
	x-3	x-2	x-1	X
Número total de exemplares				
Monografías				
Revistas				
Publicacións electrónicas				
Bases de datos				
Novas adquisicións				
Monografías				
Revistas				
Publicacións electrónicas				
Bases de datos				
Total subscripcións vivas				
Publicacións electrónicas				
Revistas				
Bases de datos				

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL	Código
Catálogo de táboas e indicadores	RM - 15

INDICADOR Disponibilidade de bibliografía e fontes de información

DEFINICIÓN É a relación entre o número de títulos de bibliografía dispoñible no servizo de biblioteca asociada co programa e o número de títulos recomendados nas materias do programa formativo.

	x-3	x-2	x-1	x
Nº de títulos recomendados dispoñibles no servizo de biblioteca asociada ao PF				
Número de títulos recomendados				

RM-15

--	--	--	--	--

Enténdese por títulos recomendados os libros que os profesores recomendan nas materias do programa formativo

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL		Código
Catálogo de táboas e indicadores		PF - 16

TÁBOA/INDICADORES Datos e indicadores relativos á oferta, demanda e matrícula en primeiro curso

DEFINICIÓN Informa sobre os resultados dos procesos de captación dos alumnos: oferta, demanda, matrícula nos últimos catro cursos académicos.

Curso académico	Nº Prazas ofertadas	Demanda		Matriculados en novo ingreso			Cambios de expediente
		Nº Total preinscritos	Nº Preinscritos 1ª opción	Nº Total novo ingreso [1]	Nº Matriculados 1ª opción [2]	Al. Matric. 1ª opción [2] / Total [1]	
X-3							
X-2							
X-1							
X							

Curso académico	% Preinscripción en primeira opción			% total matriculados de novo ingreso			
	PAAU	FP	>25	Outros	PAAU	FP	Outros
X-3							
X-2							
X-1							
X							

Curso académico	Nota media		Media quintil máis elevada*		Nota de acceso á titulación	
	PAAU	FP	PAAU	FP	PAAU	FP
X-3						
X-2						
X-1						
X						

* 20% superior

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL	Código
Catálogo de táboas e indicadores	PF - 17

TÁBOA	Típos de metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe utilizadas
--------------	---

DEFINICIÓN É a relación das diversas metodoloxías de ensinanza-aprendizaxe utilizadas no programa formativo.

Relación de materias	Clase maxistral	Resolución de problemas e casos	Prácticas de laboratorio	Prácticas de campo	Prácticas externas	Tutorías	Exposición oral do alumno	Actividades en grupo	Traballos escritos, proxectos	On-line	Outras	Recursos didácticos utilizados

Recoméndase cubrir esta táboa especificando o número de créditos de cada materia que se imparte utilizando unha determinada metodoloxía. En caso de non dispoñer desta información, sinalen cun x as metodoloxías e técnicas utilizadas en cada materia.

Na columna de recursos didácticos relacionarase os utilizados na impartición da materia (por exemplo: encerado, proxectos de diapositivas ou transparencias, ordenador e canón, a intranet de materias, videoconferencia, aulas informáticas, etc.).

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL
Catálogo de táboas e indicadores

Código
PF - 18

TÁBOA

Métodos de avaliación utilizados

FORMULACIÓN

É a relación dos diferentes métodos de avaliación utilizados no programa formativo

Relación de materias	Proba de preguntas abertas	Proba tipo test	Proba oral	Exposición	Prácticas (exercicios, casos ou problemas)	Métodos de avaliación de habilidades clínicas ou asistenciais	Traballos	Outros

Sinalen cun x a/s metodoloxía/s de avaliación utilizada/s en cada materia.

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL Catálogo de táboas e indicadores	Código PF-19
---	------------------------

INDICADOR Taxa de alumnos que realizan prácticas externas non obrigatorias

DEFINICIÓN É a relación entre o número de alumnos que realizaron prácticas externas non obrigatorias (mínimo de 160 horas)e o número de alumnos equivalentes a tempo completo do programa formativo.

	x-3	x-2	x-1	x
Número de alumnos que realizaron prácticas externas non obrigatorias				
Número de alumnos equivalentes a tempo completo do programa formativo				

PF-19

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL

Catálogo de táboas e indicadores

Código
PF-20

INDICADOR

Mobilidade dos alumnos

É a relación entre o número de alumnos de programa que participan en programas de mobilidade en organizacións de educación superior, nacionais e internacionais, e o número total de alumnos matriculados no programa formativo. Ademais solicítase, o número de alumnos provenientes de outros programas formativos, tanto nacionais como internacionais.

DEFINICIÓN

Número de alumnos (enviados) que participan en programas de mobilidade	x-3	x-2	x-1	x
Número total de alumnos matriculados no programa formativo				

PF-20

Número de alumnos provenientes de outros programas formativos (recibidos)			
---	--	--	--

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL		Código
Catálogo de táboas e indicadores		R-21 e R-22

INDICADOR	Taxa de eficiencia e taxa de éxito
------------------	---

DEFINICIÓN **Taxa de eficiencia:** Relación porcentual entre o número total de créditos superados polos alumnos nun determinado curso académico e o número total de créditos nos que tiveran que matricularse para superar estes ao longo dos seus estudos (este e anteriores cursos académicos). **Taxa de éxito:** Relación porcentual entre o número total de créditos superados polos alumnos (excluídos adaptados, convalidados, recoñecidos, etc.) nun estudo e o número total de créditos presentados ao exâme. Permite analizar os resultados alcanzados nas probas de avaliación.

Materia	Créditos (a)	Total aptos (b)	Alumnos de 1ª matrícula (c)	Alumnos de 2ª matrícula (d)	Alumnos de 3ª matrícula ou máis (e)	Créditos superados (a*b)	Créditos matriculados eficiencia $(c+2*d+3*e)^*a$	Créditos matriculados éxito $(c+d+e)^*a$	Indicador de eficiencia	Indicador de éxito

INDICADOR Taxa de éxito

	x-3	x-2	x-1	x
Número total de créditos superados polos alumnos				
Número total de créditos presentados a avaliación				

R-22

Crédito superado: Cada un dos créditos aprobados polos alumnos (excluídos adaptados, validados, recoñecidos, etc.) en cada unha das convocatorias do ano académico.
 Créditos presentados: Son aqueles nos que o alumno matriculouse (ao longo de todo o estudo) e, no transcurso do mesmo ano académico se presentou polo menos nunha convocatoria).

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL		Código
Catálogo de táboas e indicadores		R-23

INDICADOR	Duración media dos estudos
------------------	-----------------------------------

DEFINICIÓN
 Expresa a duración media (en anos) que os alumnos matriculados nunha titulación universitaria tardan en superar os créditos correspondentes á súa titulación (exceptuando o proxecto fin de carreira). Vese influenciado pola presenza de alumnos que compatibilizan os estudos universitarios co desempeño de actividades laborais.

	x-3	x-2	x-1	x
Suma do produto [(nº de anos en graduarse)*(nº alumnos graduados)]				
Número total de alumnos graduados				

R-23				
-------------	--	--	--	--

Número de alumnos que tardan n anos en graduarse	x-3	x-3 %	x-2	x-2 %	x-1	x-1 %	x	x %
3 anos								
4 anos								
5 anos								
6 anos								
7 anos								
8 anos								
9 anos								
10 anos								
máis de 10 anos								
Número total de alumnos graduados								

PROGRAMA DE AVALIACIÓN INSTITUCIONAL Catálogo de táboas e indicadores	Código
	R-24

INDICADOR	Taxa de abandono (interrupción de estudos)
------------------	--

DEFINICIÓN	Relación porcentual entre o número total de alumnos dunha cohorte de novo ingreso que deberon finalizar a titulación no curso anterior e que non se matricularon nin nese curso nin no anterior ao avaliado. Expresa o grao de non continuidade dos alumnos nun programa formativo.
-------------------	---

	x-3	x-2	x-1	x
Número de alumnos non matriculados nos dous últimos cursos (x y x-1)				x
Número de alumnos de novo ingreso no curso (x-n*+1)				

R-24			

* sendo "x" o curso académico e "n" a duración do plan de estudos (en anos)

ANEXO 3

RESUMO DA DOCUMENTACIÓN QUE SE PROPÓN PARA EVIDENCIAS

RESUMO DA DOCUMENTACIÓN QUE SE PROPÓN PARA EVIDENCIAS

1	Accións levadas a cabo como consecuencia dos estudos realizados sobre a inserción laboral.
2	Actuacións desenvolvidas a través das actividades de investigación, desenvolvemento, innovación e no seu caso asistencial ou creación artística que repercuten no programa formativo.
3	Catálogo, publicación institucional, guía do alumno, convenios de concerto ou documento similar onde conste a información relativa ao conxunto de infraestruturas para as prácticas externas.
4	Currículo do persoal académico implicado no programa formativo que inclúa a actividade docente, actividade investigadora e liñas de investigación como mínimo nos 4 últimos anos.
5	Datos xerais referentes á matrícula no programa formativo (número de alumnos, de novo ingreso, créditos matriculados, etcétera) T-02.
6	Descrición dos mecanismos de mantemento, actualización e renovación de fondos bibliográficos.
7	Descrición do proceso de determinación dos perfís de egreso.
8	Descrición do proceso de determinación do perfil de ingreso idóneo.
9	Descrición do programa de mantemento dos laboratorios. Descrición do plan de seguridade e prevención de riscos e do plan de protección ao medio ambiente.
10	Directrices xerais da titulación.
11	Documentación que recolla información sobre o grao de utilización das titorías curriculares.
12	Documentación que recolla información sobre as actuacións resultantes da actualización de contidos (por exemplo, modernización de programas, prácticas novidasas, participación de alumnos en desenvolvementos experimentais, creación de materias específicas de libre elección...).
13	Documentación que recolla os mecanismos, acordos e conclusións da coordinación entre materias ou disciplinas, tanto dos aspectos globais, teóricos e prácticos.
14	Documentación sobre o proceso de revisión de contidos e a súa descrición. Periodicidade do mesmo.
15	Documento oficial onde aparezan os obxectivos do programa formativo.
16	Documento que recolla a asignación e distribución da docencia (plan de ordenación docente).
17	Documento que recolla as accións de mellora do programa formativo e seu procedemento de seguimento.

18	O plan de estudos (completar con a tabla T-05).
19	Estrutura do equipo responsable do programa formativo e os mecanismos e comisións para a súa xestión, cumprimento e control de resultados.
20	Estrutura do persoal académico T-03.
21	Estrutura do sistema de recollida de información sobre diferentes aspectos da titulación.
22	Estrutura e funcións do persoal de administración e servizos implicado no programa formativo.
23	Estudos de seguimento de egresados. Periodicidade, resultados e conclusións.
24	Estudos de tempo de dedicación do alumno á aprendizaxe das distintas materias ou disciplinas.
25	Estudos ou informes relacionados coa vinculación social do programa formativo (sondaxes, enquisas, recoñecementos, etcétera).
26	Existencia de mecanismos (prerrequisitos, incompatibilidades, accións titoriais...) para garantir que o alumno segue unha secuencia coherente na matriculación das materias.
27	Existencia de programas específicos de innovación e actualización en metodoloxía de ensinanza - aprendizaxe para o profesorado.
28	Existencia de proxectos de innovación e mellora docente e participación do profesorado nos mesmos.
29	Formas de acceso a a información contenida na biblioteca e fondos documentais.
30	Guía do alumno ou documento similar onde conste a información relativa aos elementos básicos do conxunto de materias ou disciplinas.
31	Horarios e distribución espacial das alternativas de contido curricular.
32	Indicador "Descrición da biblioteca e salas de lectura" RM-12.
33	Indicador "Disponibilidade de bibliografía e fontes de información" RM-15.
34	Indicador "Disponibilidade de puntos de lectura na biblioteca" RM-13.
35	Indicador "Fondos bibliográficos" RM-14.
36	Indicador "Formación pedagóxica do persoal académico" RH-06.
37	Indicador "Índice da actividade investigadora recoñecida" RH-08.
38	Indicador "Media de alumnos por grupo" RM-10
39	Indicador "Mobilidade dos alumnos" PF-20.
40	Indicador "Postos de ordenadores e conexións á rede por alumno" RM-11.
41	Indicador "Resumo dos resultados da actividade investigadora" RH-07. Completar coa memoria da actividade investigadora dos departamentos implicados no programa formativo.
42	Indicador "Taxa de alumnos que realizan prácticas externas non obrigatorias" PF-19.

43	Indicador: "Datos e indicadores relativos á oferta, demanda e matrícula en primeiro curso" PF-16.
44	Indicador: "Duración media dos estudos" R-23.
45	Indicador: "Taxa de abandono" R-24.
46	Indicador: "Taxa de eficiencia" R-21.
47	Indicador: "Taxa de éxito" R-22.
48	Información sobre horarios, calendario e servizos prestados no servizo de biblioteca.
49	Informe en onde se especifique a tipoloxía dos espazos destinados ao desenvolvemento e á coordinación das funcións do persoal académico (número por tipo e número de postos por espazo) e equipamento por espazo ou global.
50	Informe en onde se especifique a tipoloxía dos espazos destinados ao desenvolvemento das funcións do persoal de administración e servizos (número por tipo e número de postos por espazo) e equipamento por espazo ou global.
51	Informes de procesos de avaliación institucional relacionados co programa formativo e o sistema de seguimento dos mesmos.
52	Instrumentos para a xestión do programa formativo.
53	Xustificación documentada de que os alumnos adquiren os coñecementos e as competencias especificadas (modelos de exame, listado de cualificacións, probas de prácticas...).
54	Os resultados da enquisa de satisfacción de usuarios da biblioteca, así como a súa validez, fiabilidade e taxa de resposta.
55	Os resultados da enquisa utilizada para coñecer a satisfacción do alumno, así como a súa validez, fiabilidade e taxa de resposta.
56	Os resultados da enquisa utilizada para coñecer a satisfacción do egresado, así como a súa validez, fiabilidade e taxa de resposta.
57	Os resultados da enquisa utilizada para coñecer a satisfacción dos empregadores e demais grupos de interese, así como a súa validez, fiabilidade e taxa de resposta.
58	Manuais de procedemento, mapas de procesos, organigramas funcionais, etcétera, relativos aos procesos clave de organización.
59	Mecanismos de recoñecemento de créditos curriculares das prácticas externas.
60	Mecanismos para coñecer o perfil de ingreso real dos alumnos que acceden ao programa formativo.
61	Memoria do programa de acción tutorial, onde se recolla polo menos a descrición do mesmo, obxectivos, contidos, responsables, accións, nivel de participación, satisfacción e resultados.
62	Normativa das medidas de seguridade, saúde e medio natural destes espazos e coñecemento da mesma polos axentes implicados

63	Normativa de permanencia e matriculación do alumno no programa formativo.
64	Normativa ou regulamento que recolla o recoñecemento curricular das estancias resultado da aplicación dos mecanismos de mobilidade nacional e internacional do alumno.
65	Plan institucional de comunicación.
66	Planificación do programa formativo.
67	Planificación horaria das clases teóricas e prácticas.
68	Procedementos para avaliar e revisar periodicamente as prácticas externas.
69	Profesional colaborador T-04.
70	Relación das materias que imparten clases en aboratorios e alumnos matriculados en cada unha delas.
71	Relación de centros propios e/ou concertados, capacidade e tipoloxía de servizos e os convenios firmados con entidades externas.
72	Relación de coñecementos e capacidades dos egresados, así como os perfís profesionais dos egresados.
73	Relación de coñecementos, capacidades e habilidades que constitúen o perfil de ingreso idóneo para o axeitado desenvolvemento do programa formativo.
74	Relación de convenios con outras institucións a través dos cales os alumnos do programa formativo realizan prácticas.
75	Relación de experiencias docentes específicas para o desenvolvemento do programa formativo, como a participación en proxectos de innovación docente, publicacións relacionadas coa innovación e premios ou distincións á innovación docente.
76	Relación de itinerarios curriculares, a súa xustificación e obxectivos.
77	Relación da formación recibida en aspectos relacionados coas tarefas de soporte á docencia.
78	Relación das accións de acollida e orientación ao alumno de novo ingreso, onde se recolla polo menos a descrición do programa, obxectivos, contidos, grao de participación, responsables do mesmo e satisfacción dos participantes.
79	Relación das actividades destinadas á formación integral do alumno, de orde cultural, deportiva, recreativa, de cooperación e de voluntariado, saúde e prevención de riscos laborais, etcétera, onde se recolla polo menos a relación destas actividades, obxectivos, contidos, accións, responsables, nivel de participación, satisfacción dos participantes e resultados.
80	Relación das distintas actividades que vinculan o programa formativo coa sociedade.

81	<p>Relación das canles (páxina web, folletos, guía do estudante, taboleiro de anuncios, revistas, etcétera) de difusión utilizados para realizar a comunicación interna e externa sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obxectivos do programa formativo e perfís de egreso. - Perfil de ingreso adecuado. - Programas das disciplinas ou materias.
82	<p>Relación dos mecanismos de control e seguimento e canles utilizadas para a coordinación entre responsables e implicados no desenvolvemento do programa formativo.</p>
83	<p>Relación dos mecanismos necesarios para fomentar a mobilidade nacional e internacional do alumno, onde se recolla polo menos a descrición dos programas, obxectivos, contidos, accións, nivel de participación, satisfacción e resultados.</p>
84	<p>Relación dos mecanismos necesarios para fomentar as prácticas en empresas ou institucións de forma efectiva para os alumnos, onde se recolla polo menos a descrición dos mesmos, a oferta de prácticas, obxectivos, contidos, responsables, accións, nivel de participación, satisfacción e resultados.</p>
85	<p>Relación dos procedementos para avaliar a satisfacción dos alumnos, onde se recolla ao menos a descrición do mecanismo, obxectivos, periodicidade, nivel de participación e utilización dos seus resultados.</p>
86	<p>Relación dos procedementos para recabar a opinión dos alumnos, onde se recolla polo menos a descrición do mecanismo, obxectivos, periodicidade, nivel de participación e utilización dos seus resultados.</p>
87	<p>Relación dos procedementos para recoller suxerencias e queixas dos alumnos, onde se inclúa polo menos a descrición do mecanismo, obxectivos, periodicidade, nivel de participación e utilización dos seus resultados.</p>
88	<p>Relación dos programas de apoio orientados á mellora da aprendizaxe do alumno, onde se recolla polo menos a descrición do programa, obxectivos, contidos, responsables do mesmo, accións, nivel de participación e satisfacción.</p>
89	<p>Relación dos programas de orientación profesional para o alumno, onde se recolla ao menos a descrición dos programas, obxectivos, contidos, responsables, accións, nivel de participación, satisfacción dos participantes e resultados.</p>
90	<p>Relación dos tipos de metodoloxía de ensinanza - aprendizaxe utilizados PF-17.</p>
91	<p>Relación de métodos de avaliación utilizados PF-18.</p>
92	<p>Relación de procesos de captación de alumnos.</p>
93	<p>Resultados de acordos e convenios con outras universidades, entidades públicas ou privadas, organizacións profesionais e empresariais, asociacións, centros colaboradores e asistenciais, que poñan de manifesto a vinculación coa sociedade.</p>

94	Resultados dos procesos de avaliación do persoal académico.
95	Sistema de análise dos resultados do programa formativo (p. e. batería de indicadores que se actualiza periodicamente, cadro de mando, tamén mecanismos para o establecemento de accións correctoras, enquisa de satisfacción, etcétera).
96	Tipoloxía de espazos destinados ao traballo e estudo dos alumnos RM-09 e o equipamento dispoñible.
97	Valoración dos créditos/horas das materias ou disciplinas do plan de estudos.
98	Relación dos procedementos para recabar a opinión do persoal académico e de administración e servizos, donde se recolla polo menos a descrición do mecanismo, obxectivos, periodicidade, nivel de participación e utilización dos seus resultados.
99	Relación dos procedementos para avaliar a satisfacción do persoal académico e de administración e servizos, donde se recolla polo menos a descrición do mecanismo, obxectivos, periodicidade, nivel de participación e utilización dos seus resultados.
100	Relación dos procedementos para recoller suxerencias e queixas do persoal académico e de administración e servizos, donde se inclúa polo menos a descrición do mecanismo, obxectivos, periodicidade, nivel de participación e utilización dos seus resultados.
101	Os resultados da enquisa utilizada para coñecer a satisfacción do persoal académico e de administración e servizos, así como a súa validez, fiabilidade e taxa de resposta.

ANEXO 4

PLAN DE MELLORA

Ferramenta de trabajo

I. Introducción

A ACSUG presenta este documento co obxecto de que sirva de apoio ás institucións universitarias na elaboración dun plan de mellora, unha vez realizado un proceso de avaliación.

Tendo en conta a visión interna da unidade avaliada e a visión dos avaliadores externos, o Comité de Autoavaliación formula as propostas de mellora que negociará cos responsables da institución.

O plan de mellora constitúese nun obxectivo do proceso de mellora continua, e polo tanto, nunha das principais fases a desenvolver dentro do mesmo. A elaboración de dito plan require o respaldo e a implicación de todos os responsables universitarios que, dunha ou outra forma, teñan relación coa unidade.

O plan de mellora integra a decisión estratéxica sobre cales son os cambios que deben incorporarse aos diferentes procesos da organización, para que sexan traducidos nun mellor servizo percibido. Dito plan debe permitir o control e seguimento das diferentes accións a desenvolver, así como a incorporación de accións correctoras ante posibles continxencias non previstas.

Para a súa elaboración será necesario establecer os obxectivos que se propoñen acadar e deseñar a planificación das tarefas para conseguilos.

O plan de mellora permite:

- Identificar as accións de mellora a aplicar.
- Analizar a súa viabilidade.
- Establecer prioridades nas liñas de actuación.
- Dispoñer dun plan das accións a desenvolver nun futuro e dun sistema de seguimento e control das mesmas.
- Negociar a estratexia a seguir.
- Incrementar a eficiencia da xestión.
- Motivar á comunidade universitaria a mellorar o nivel de calidade.

O plan elaborado tomando como base este documento, permite ter dunha maneira organizada, priorizada e planificada as accións de mellora. A súa implantación e seguimento debe ir orientado a mellorar a calidade da ensinanza universitaria para que sexa claramente percibida polo seu destinatario final.

2. Protocolo para a elaboración do plan de mellora

A unidade avaliada, baseándose na urxencia e na importancia das propostas de mellora detectadas no proceso de autoavaliación e nas recomendacións realizadas polo Comité de Avaliación Externa, establecerá a priorización das propostas de mellora.

Esta priorización permitirá detectar aquelas accións de mellora que sexan especialmente relevantes para a titulación e que constituirán o seu plan de melloras.

Para levar a cabo as accións de mellora propostas é necesario especificar as tarefas concretas que deberán realizarse para a consecución dos obxectivos. Para iso, hai que determinar quen é o responsable da posta en marcha e da execución das accións de mellora, as diferentes tarefas a desenvolver, os recursos humanos e materiais necesarios, o período de consecución, a data de inicio, os indicadores de seguimento e os responsables de realizar o control e seguimento das mesmas. Do mesmo xeito, será conveniente explicitar os beneficios esperados por cada acción de mellora.

É moi posible que esta planificación conleve unha negociación entre todos os responsables e implicados, a diferentes niveis, da titulación avaliada. Así mesmo, o feito de dar ao plan de melloras un carácter formal adecuado, segundo as características e o modo de facer de cada institución, favorecerá o seu éxito, e polo tanto, a consecución do obxectivo previamente fixado.

A continuación ofrecemos o formato de ficha que se deberá seguir para construír o plan de mellora e realizar o seguimento ao longo da súa implantación.

Denominación da proposta	
Punto débil detectado no informe final	
Ámbito de aplicación: <input type="checkbox"/> Ensinanza <input type="checkbox"/> Investigación <input type="checkbox"/> Servizo <input type="checkbox"/> Xeral para o centro	
Responsable da súa aplicación: <input type="checkbox"/> Ministerio de Educación <input type="checkbox"/> Xunta de Galicia <input type="checkbox"/> Consello de Coordinación Universitaria <input type="checkbox"/> Universidade <input type="checkbox"/> Departamento <input type="checkbox"/> Outros (especificar cales)	
Planificación da acción: * Obxectivos específicos da acción * Actuacións a desenvolver * Período de execución previsto * Recursos, financiamento.	
Responsable do seu seguimento	
Nivel de cumprimento da acción	
Resultados obtidos/acción	
Indicadores de execución/acción	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	
Observacións:	

ANEXO 5

GLOSARIO

Accións de acollida: actuacións reguladas destinadas a favorecer a integración e adaptación do alumno de novo ingreso tanto ao programa formativo como á Universidade.

Alumno de novo ingreso: persoas que se matriculan no programa formativo por primeira vez, sen ter en conta se previamente estiveron matriculados noutro programa formativo na mesma Universidade.

Alumno: persoa matriculada, no período de referencia, polo menos nunha materia do programa de formación a acreditar. Non se inclúe como alumno propio do programa de formación aos que proveñen de programas de intercambio. "**Glosario de Termos de Indicadores do Consello de Coordinación Universitaria**".

Alumnos equivalentes a tempo completo: total de créditos matriculados dividido pola media de créditos correspondentes a un mesmo curso académico.

Articulación horizontal das materias: coherencia e adecuada secuenciación, dentro dun mesmo curso académico e ao longo dos estudos, dos contidos das materias que compoñen o plan de estudos da ensinanza a avaliar.

Comité de Autoavaliación (CA): órgano formado por membros da unidade avaliada encargado de levar a cabo o informe de Autoavaliación e o Plan de Melloras.

Comité de Avaliadores Externos (CEE): grupo de avaliadores externos á titulación avaliada que realizan a Avaliación Externa.

Comunicación e difusión: procesos polos cales se transmite información dirixida ao contexto externo á comunidade universitaria, é dicir, ao conxunto da sociedade e aos membros da comunidade universitaria e/ou do programa formativo.

Coñecementos e competencias: conxunto de coñecementos, habilidades e destrezas relacionadas co programa formativo que capacitan ao alumno para desenvolver as tarefas profesionais recollidas no perfil de egreso do programa.

Crédito: unidade de medida e valoración da actividade académica en que se integran as ensinanzas teóricas e prácticas, que constitúen cada plan de estudos.

Criterio: principio ou base axiomática definida a priori sobre a cal se pode emitir unha valoración.

Disciplina: agrupamento de coñecementos estruturados de acordo a un conxunto de fenómenos relacionados.

Disciplina: unidade de ensinanza que administrativamente compón o Plan de Estudos. Academicamente, é unha parte constitutiva dunha materia. (**Catálogo de Indicadores del Sistema Universitario Público Español. Consejo de Coordinación Universitaria. 2002**).

Egresado: alumno que completou todos os créditos que conforman o plan de estudos, sen considerar se teñen ou non o título universitario solicitado.

En caso dos ECTS inclúense outras actividades académicas dirixidas e o volume de traballo que o estudante debe realizar para superar as materias ou equivalentes e, así, acadar os obxectivos educativos (documento Marco Convergencia Europea, MECD, marzo 2002).

Equipo responsable do programa formativo: grupo da comunidade universitaria responsable da política e a xestión do programa formativo.

Espazos experimentais: espazos de traballo específicos que permiten ao alumno e ao profesor desenvolver as tarefas docentes e de investigación.

Estratexia: conxunto de accións e comportamentos das persoas, equipo e organismo responsable do programa de formación, coordinados e orientados para a consecución dos obxectivos do mesmo.

Estrutura do sistema de información: conxunto de procesos encamiñados a transformar os datos en información para a xestión.

Evidencias: probas que demostran a veracidade dos datos aportados.

Ferramentas para a avaliación: documentos e instrumentos de traballo que facilitan a realización dos procesos de avaliación. Existen diferentes tipos segundo o comité ao que van dirixidos e o programa de avaliación correspondente.

Formación integral do alumno: actividades orientadas ao desenvolvemento das diversas potencialidades, intelectuais, emocionais, estéticas e físicas do estudante no ámbito académico e persoal, de forma que favoreza á súa preparación como cidadán e como profesional.

Indicador: expresión cualitativa ou cuantitativa para medir ata que punto se conseguen os obxectivos fixados previamente en relación aos diferentes criterios a valorar para un programa determinado (cada criterio pódese valorar con un ou varios indicadores asociados).

Información accesible e pública: conxunto de datos, mensaxes e documentos referidos ao programa formativo emitidos publicamente e de fácil acceso.

Laboratorios e talleres: espazos destinados á realización de prácticas, experiencias, montaxes e outras actividades académicas planificadas no programa formativo.

Materia: conxunto de cuestións fundamentais e necesarias para a formación e posterior obtención dun título universitario. Academicamente, a materia desagregase ou estruturase en partes ou elementos, chamados disciplinas. Se non hai desagregación ou estruturación dunha materia en disciplinas, entón os conceptos "materia" e "disciplina" son coincidentes. (*Catálogo de Indicadores del Sistema Universitario Público Español. Consejo de Coordinación Universitaria. 2002*).

Mellora continua: concepto empregado nos modelos de xestión que implica un esforzo continuado da organización para avanzar na calidade do programa formativo.

Mercado laboral: lugar onde os empregadores buscan traballadores e os traballadores buscan emprego.

Metodoloxía de avaliación: os diversos métodos e técnicas utilizados para a comprobación ou verificación dos coñecementos adquiridos e as competencias desenvolvidas polos alumnos.

Metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe: os diversos métodos e técnicas utilizados no proceso de ensinanza – aprendizaxe. (ver proceso ensinanza-aprendizaxe).

Mostra representativa: conxunto de observacións obtidas dunha poboación mediante un mecanismo aleatorio que permite, por precisión e validez, inferir os resultados desde esta á poboaciónralizada a mostraxe.

Obxectivos do programa formativo: aspectos, propostas e intencións a lograr e previamente definidos no programa formativo, entre os que se atopan os perfís de egreso.

Organización da ensinanza: conxunto de normas ou actuacións establecidas nunha institución de ensinanza superior, co fin de estruturar as actividades do proceso de ensinanza- aprendizaxe dun programa formativo. (De acordo con posibles definicións da RAE.)

Perfil de egreso: conxunto de coñecementos e competencias definidos que deben reunir os alumnos ao concluír o programa formativo.

Perfil de ingreso idóneo: conxunto de coñecementos e competencias definidos que deberán reunir os alumnos de novo ingreso no programa formativo para o bo desenvolvemento do mesmo.

Persoal académico: persoal dos corpos docentes universitarios que desenvolve actividade docente e investigadora.

Persoal de administración e servizos: Persoal funcionario ou laboral non docente que configura a estrutura administrativa, de xestión e de servizos da Universidade. (*Catálogo de Indicadores del Sistema Universitario Público Español. Consejo de Coordinación Universitaria. 2002*)

Plan de estudos oficial: conxunto de ensinanzas organizadas por unha Universidade, de acordo a directrices oficiais, e homologadas polo Consello de Coordinación Universitaria, cuxa superación implica a obtención, en caso dos programas de grao, do título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro.

Planificación: proceso polo cal, o equipo, persoas ou organismo responsable do programa formativo diseña as estratexias para a consecución dos obxectivos do mesmo.

Políticas: enunciados ou interpretacións xerais que orientan o pensamento dos responsables do programa formativo na toma de decisións.

Prácticas externas: conxunto de actividades de formación, realizadas polos alumnos en empresas ou institucións, destinadas a desenvolver a vertente práctica e profesional do programa de formación. Sendo estas de carácter obrigatorio ou voluntario e recoñecidas ou non curricularmente.

Principios: razóns fundamentais que sirven a os responsables do programa formativo para o goberno do mesmo.

Proceso ensinanza-aprendizaxe: desenvolvemento de accións de ensinanza e aprendizaxe conducentes a conseguir a formación e capacitación do alumno de acordo aos obxectivos do programa formativo.

Profesional colaborador: profesionais de institucións externas e/ou centros asistenciais que colaboran no programa formativo sen estar integrados na estrutura académica da universidade (por exemplo: profesionais de institucións clínicas sen relación contractual coa universidade encargados de supervisar as prácticas dos alumnos).

Programa de apoio orientado á mellora da aprendizaxe: proxecto regulado destinado a proporcionar ao alumno métodos e técnicas que o axuden e favorezan a adquisición dos coñecementos e competencias recollidos no programa de formación.

Programa de inserción laboral: proxecto regulado destinado a orientar ao alumno dos últimos cursos para o acceso ao primeiro emprego.

Programa de tutoría: proxecto regulado destinado a atender ao alumno desde o punto de vista humano e da aprendizaxe, asesorándoo académica e curricularmente.

Programa formativo: conxunto de ensinanzas organizadas que conducen á obtención dun título ou grao xunto a todos os elementos normativos, técnicos, humanos e materiais que o envolven e o levan a acadar os obxectivos establecidos polo organismo responsable do mesmo.

Recursos didácticos: materiais, equipos, infraestruturas e medios para o desenvolvemento do proceso de ensinanza – aprendizaxe do programa formativo.

Resultados: consecuencias dos procesos relacionados co programa formativo.

Satisfacción dos...: percepción, dos distintos colectivos do programa formativo, respecto á satisfacción e expectativas de cada un deles co programa formativo ou aspectos do mesmo.

Sistema de información: procesos e procedementos destinados a transformar os datos producidos polo organismo responsable do programa formativo e a institución universitaria en información fiable, íntegra, facilmente accesible e oportuna para a xestión e a toma de decisións.

Tempo de aprendizaxe do alumno: dedicación do alumno ao programa formativo, tendo en conta as horas lectivas establecidas e o traballo persoal requirido para adquirir os coñecementos e superar con éxito dito programa.

Unidade Técnica de Calidade (UTC): denominación xenérica do órgano da universidade encargado de dar soporte e asesoramento técnico á unidade nos procesos de avaliación, acreditación e certificación desenvolvidos na institución.

Xestión: acción ou accións que se realizan para a administración do programa formativo e a consecución dos seus obxectivos.